

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE SANIDADE, SERVIZOS SOCIAIS E IGUALDADE

9935 *Orde SSI/1640/2012, do 18 de xullo, pola que se modifica o anexo VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema nacional de saúde e o procedemento para a súa actualización, e os anexos I e III do Real decreto 1205/2010, do 24 de setembro, polo que se fixan as bases para a inclusión dos alimentos dietéticos para usos médicos especiais na prestación con produtos dietéticos do Sistema nacional de saúde e para o establecemento dos seus importes máximos de financiamento.*

O Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, recolle no seu anexo VI o contido da carteira de servizos de prestación ortoprotésica e, especificamente no seu número 7, relativo a próteses externas, e dentro das próteses distintas ás próteses de membros, inclúe as próteses de mama exógenas de silicona sólida, con funda. Os avances tecnolóxicos fan que na actualidade existan próteses de mama sen funda e de características tales que poden ser máis beneficiosas para as pacientes, polo que a redacción actual do citado Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, presenta limitacións á hora de indicar estas próteses.

O Comité asesor para a prestación ortoprotésica, na súa reunión do 9 de xuño de 2011, decidiu propor a modificación da redacción actual do real decreto, co fin de que as próteses de mama externas sen funda poidan ser indicadas ás pacientes que as precisen. A nova descrición non supón unha repercusión económica na carteira de servizos comúns, senón que permitirá o acceso ás próteses que non precisan funda.

Por outra parte, o número 10 do anexo VI do citado Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, inclúe as axudas para a prevención das úlceras por presión entre as ortopróteses externas, e recolle unha clasificación dos coxíns para previr as úlceras por presión. Na actualidade, os diversos tipos de coxíns que existen no mercado presentan, polas súas características, dificultades para a súa clasificación dentro dos códigos homologados que figuran no citado número 10.

Por este motivo, o Comité asesor para a prestación ortoprotésica, na súa reunión do 20 de novembro de 2010, considerou necesario clarificar a clasificación dos coxíns para previr as úlceras por presión, así como a nomenclatura que define cada tipo destes produtos na carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, co fin de evitar discrepancias de interpretación en relación co seu contido, de modo que non queden dúbidas de cales son os tipos de coxíns que se financian.

A nova clasificación que se formula non supón unha ampliación da carteira de servizos comúns, senón que se limita a unha nova clasificación dos produtos xa existentes baseada nos materiais e morfoloxía dos coxíns.

Por outro lado, o anexo VII do dito Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, establece o contido da carteira de servizos de prestación con produtos dietéticos sinalando, entre outros aspectos, as patoloxías e situacións clínicas para as cales facilita esta prestación. Pola súa parte, o Real decreto 1205/2010, do 24 de setembro, polo que se fixan as bases para a inclusión dos alimentos dietéticos para usos médicos especiais na prestación con produtos dietéticos do Sistema Nacional de Saúde e os seus importes máximos de financiamento, recolle no seu anexo I os tipos e subtipos de produtos susceptibles de financiamento polo Sistema Nacional de Saúde e, no seu anexo III, o valor do indicador de referencia para o cálculo dos importes máximos de financiamento para cada subtipo.

Dentro do tipo de módulos de aminoácidos inclúe o subtipo correspondente aos módulos de L-glutamina. Á vista da información científica actualmente dispoñible, xurdiron dúbidas sobre a indicación destes módulos nas patoloxías e situacións clínicas para as cales se financian os produtos dietéticos no Sistema Nacional de Saúde.

Por iso, a Comisión de Prestacións, Aseguramento e Financiamento, na súa reunión do 10 de xuño de 2010, acordou iniciar un procedemento de avaliación que segue o esquema previsto na Orde SCO/3422/2007, do 21 de novembro, pola que se desenvolve o procedemento de actualización da carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde, co fin de levar a cabo a súa exclusión en caso de que se confirmen as dúbidas sobre a súa eficacia e utilidade sanitaria nas indicacións financiadas.

Realizadas as oportunas avaliacións sanitarias e económicas, o Comité asesor para a prestación con produtos dietéticos, na reunión do 29 de marzo de 2011, acordou elevar á Comisión de Prestacións, Aseguramento e Financiamento a proposta de exclusión dos módulos de L-glutamina da carteira de servizos comúns, o cal foi ratificado pola citada Comisión o 12 de abril de 2011.

Por tanto, esta orde ten por obxecto facer efectivas as previsións do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, en relación coa carteira de servizos de prestación ortoprotésica e coa de prestación con produtos dietéticos, clarificando o alcance da prestación de coxíns para previr as úlceras por presión e de próteses de mama externas excluindo os módulos de L-glutamina.

Esta norma conta co informe do Comité Consultivo do Sistema Nacional de Saúde e do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde. Así mesmo, foron oídos os distintos sectores afectados, así como o Consello de Consumidores e Usuarios, e consultadas as comunidades autónomas.

Esta orde dítase en uso das atribucións conferidas pola disposición derradeira segunda do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, e a disposición derradeira segunda do Real decreto 1205/2010, do 24 de setembro.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo primeiro. Modificación do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización.

O anexo VI do Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. O punto 06 30 18 000 do número 7, Próteses externas, queda redactado da seguinte maneira:

«06 30 18 000 Próteses de mama externa, incluída, de ser o caso, a funda.»

Dous. A clasificación recollida no punto 04 33 do número 10, Ortopróteses especiais, queda redactada da seguinte forma:

«04 33 00 Coxíns para previr as úlceras por presión para pacientes lesionados medulares (Acheга do usuario: 30 euros).

04 33 00 000 Coxín antiéscaras dunha soa peza.

04 33 00 001 Coxín antiéscaras modular de diferentes materiais con base firme.

04 33 00 002 Coxín antiéscaras de múltiples celas de aire independentes unidas por unha base.»

Artigo segundo. *Actualización do Real decreto 1205/2010, do 24 de setembro, polo que se fixan as bases para a inclusión dos alimentos dietéticos para usos médicos especiais na prestación con produtos dietéticos do Sistema Nacional de Saúde e os seus importes máximos de financiamento.*

O Real decreto 1205/2010, do 24 de setembro, queda modificado nos seguintes termos:

Un. Suprímese o subtipo: «MPAA6 Módulos de L-glutamina» do anexo I, Tipos e subtipos de alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais susceptibles de financiamento polo Sistema Nacional de Saúde.

Dous. Suprímese o indicador e valor de referencia «MPAA6 Gramo de L-glutamina 0,4168» do anexo III, Valor do indicador de referencia para o cálculo dos importes máximos de financiamento dos alimentos dietéticos destinados a usos médicos especiais susceptibles de financiamento polo Sistema Nacional de Saúde».

Disposición transitoria única. *Dispensación transitoria de módulos de L-glutamina.*

1. Durante os trinta días seguintes á data de entrada en vigor desta orde, as empresas comercializadoras dos módulos de L-glutamina incluídos na oferta poderán seguir comercializando estes produtos co precinto identificativo nos seus envases.

2. Durante os dous meses seguintes ao da entrada en vigor desta orde, as oficinas de farmacia poderán continuar dispensando os módulos de L-glutamina con cargo ao Sistema Nacional de Saúde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do previsto no artigo 149.1.16ª da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 18 de xullo de 2012.—A ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Ana Mato Adrover.